



Segunda Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2022

*CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL
PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2022*

**MODELO PROVISIONAL DE RESPONSTAS DA SEGUNDA PROBA ACCESO Á AVOGACÍA
PARA O ANO 2022**

MODALIDADE EN LIÑA

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, remarcando en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ABOGADO/A

1– O avogado Juan recibiu unha comunicación doutro compañeiro informándolle que o substituirá na defensa dun cliente. Pode Juan poñer ao dispor do seu compañeiro os documentos facilitados polo cliente?

- a) Si, pero cando fosen liquidados os honorarios devindicados ata o momento da substitución.
- b) Si, deberá poñer ao dispor do novo avogado toda a documentación relativa ao asunto que teña no seu poder.**
- c) Non, deberá facilitarlle unicamente a documentación que o cliente considere necesaria.
- d) Non deberá facilitarlle ningunha documentación mentres non reciba unha notificación fidedigna do propio cliente.

2– Lucio, avogado en exercicio, considera traballar para Rosa, avogada en exercicio do seu mesmo Colexio e con gran éxito na profesión. Que ten que facer Lucio se quere traballar por conta allea en réxime de especial colaboración?

- a) O exercicio por conta allea debe pactarse por escrito, fixando as condicións, duración, alcance e réxime económico da colaboración.**
- b) Nada en especial. Só falalo entre eles.
- c) Esta posibilidade non é legalmente posible.
- d) Deben pactalo en escritura pública e facelo constar nos expedientes de cada un deles.

3– A avogada Elvira percibiu só a metade da provisión de fondos que solicitou ao seu cliente. Tras unha sentenza parcialmente acolledora das pretensións do seu cliente, este pídlle toda a documentación porque quere recorrer contra a sentenza, pero encargándollo a outro avogado. Cal das seguintes condutas é deontoloxicamente correcta?

- a) A avogada non terá que entregar a documentación directamente ao cliente, senón que debe esperar a que algún compañeiro lle pida a venia.
- b) A avogada terá que poñer toda a documentación recibida do cliente á súa disposición.**
- c) A avogada debe poñer a documentación unicamente ao dispor do Xulgado.
- d) A avogada facilitaralle a documentación recibida unha vez que o cliente lle aboe os honorarios pendentes.

4– Marian é avogada civilista e Laura é avogada penalista e conviñeron mandarse clientes mutuamente a cambio de compartir honorarios. Axústase tal comportamento á deontoloxía profesional?

- a) Si, sempre que se informe ao cliente de tal circunstancia.**
- b) Si, dado que a avogacía se rexe polo principio de liberdade de mercado e calquera limitación ou prohibición legal sobre os honorarios vai contra o devandito principio.
- c) Si, porque poden fixarse comisións pola recomendación de clientes, sen ningún tipo de limitación, e o cliente é libre de elixir profesional da avogacía.
- d) Non, porque non é posible nin esixir nin aceptar comisións por recomendacións doutros profesionais da avogacía, aínda que si se proveñen doutros clientes.

5– Luís pretende colexiarse por primeira vez como avogado exercente e, aínda que reside e ten despacho en Sevilla, decide facelo no Colexio da Avogacía de Madrid, por ser a cota mensual máis económica. Como se resolve a súa solicitude de colexiación?

- a) Debe aceptarse polo principio de colexiación única.

- b) Debe denegarse, pois para inscribirse nun colexio é necesario ter un despacho na súa demarcación.
- c) Debe aceptarse, pois en España rexe a liberdade de elección de colexio.
- d) Debe denegarse tal e como se solicita, xa que hai que colexiarse onde se ten o despacho único ou principal.

6– María, avogada exercente, pretende constituír unha sociedade profesional co seu compañeiro Hugo. Ambos contratan un seguro de responsabilidade civil profesional, pero de forma individual. É necesario que contraten un seguro de responsabilidade civil para a sociedade profesional?

- a) Depende de se a sociedade ten socios que non exerzan a avogacía.
- b) Non, con que se aseguren eles basta.
- c) Non é necesario, aínda que é conveniente facelo.
- d) Si, en todo caso.

7– A avogada Sandra foi designada pola quenda de oficio para a defensa dos intereses de Mario, que pretende interpoñer unha querela contra unha maxistrada da súa cidade porque considera que cometeu un delito de prevaricación. Tras estudar o asunto, a Sandra parécenlle totalmente desatinadas as pretensións de Mario. Que debe facer Sandra?

- a) Debe presentar en calquera momento un informe de insostibilidade no que expoña os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.
- b) Debe presentar un informe de insostibilidade dentro dos trinta días seguintes á súa designación, comunicando á comisión de asistencia xurídica gratuíta os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.
- c) Debe presentar un informe de insostibilidade dentro dos quince días seguintes á súa designación, comunicando á comisión de asistencia xurídica gratuíta os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.
- d) Está obrigada a asumir a defensa de Mario en todo caso.

8– Ana é avogada do Colexio de avogados de Valencia, localidade na que habitualmente exerce profesionalmente como asesora mercantil. Un cliente de Guadalajara quere contratar os seus servizos e require a Ana para que comece a prestarlle asesoramento xurídico a través de internet. Cal é a proposición correcta?

- a) Cando un profesional da avogacía sexa requirido para prestar os seus servizos profesionais en liña ou a través de internet, deberá adoptar as medidas necesarias para garantir o segredo profesional, pero sen necesidade de ter que identificar a cada un dos seus clientes.
- b) Cando un profesional da avogacía sexa requirido para prestar os seus servizos profesionais en liña ou a través de internet, nin ten que adoptar medidas distintas ás habituais para garantir o segredo profesional, nin ten necesidade de identificar a cada un dos seus clientes.
- c) Cando un profesional da avogacía sexa requirido para prestar os seus servizos profesionais en liña ou a través de internet, deberá adoptar as medidas necesarias para garantir o segredo profesional, pero sen necesidade de ter que identificar a cada un dos seus clientes nin de obter deles a restante información que lle permita evitar conflitos de intereses e prestar o asesoramento adecuado ao solicitante dos seus servizos.
- d) Cando un profesional da avogacía sexa requirido para prestar os seus servizos profesionais en liña ou a través de internet, deberá adoptar as medidas necesarias para garantir o segredo profesional e obter do cliente acreditación suficiente da súa identidade e a restante información que lle permita evitar conflitos de intereses e prestar o asesoramento adecuado ao solicitante dos seus servizos.

9– Lucía é avogada exercente e recentemente foille designado pola quenda de oficio do seu Colexio o seu primeiro cliente, José Luis, para un procedemento de divorcio. José Luis é moi

conflictivo e pretende dirixir o procedemento. Lucía quere renunciar á defensa de José Luis. Pode facelo?

- a) Si, e non ten que comunicar nada a ninguén por estar sometido ao segredo profesional.
- b) Si. Pode escusarse da defensa porque concorre un motivo xusto.
- c) **Non. Debe continuar exercendo a súa función ata a terminación do proceso na instancia xudicial de que se trate e, de ser o caso, a execución da sentenza, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos dous anos seguintes á resolución xudicial ditada na instancia.**
- d) Si. Pode renunciar en calquera momento, sempre que non cause indefensión ao cliente.

10– Rosa vai ser contratada como avogada por un despacho individual. Segundo lle dixo a avogada que a contratou, a súa relación laboral é de carácter especial. É isto posible?

- a) Iso non é posible. A relación laboral especial xa non existe desde a aprobación do novo Estatuto xeral da avogacía española, aprobado polo Real decreto 135/2021, do 2 de marzo.
- b) Iso non é posible, xa que a avogacía unicamente pode exercerse por conta allea en réxime de relación laboral común.
- c) **Iso é posible, xa que a avogacía pode exercerse por conta allea en réxime de relación laboral especial, prestando os servizos en despachos de profesionais da avogacía, individuais ou colectivos.**
- d) Só é posible este tipo de relación laboral especial cando os servizos son prestados a despachos colectivos.

11– Pablo acudiu ao despacho de Asun, avogada en exercicio, para encargarlle a interposición dunha demanda de reclamación de cantidade contra un cliente debedor. Asun e Pablo asinan unha folla de encarga. Que mencións deben figurar necesariamente, entre outras, nese documento?

- a) **O obxecto da encarga, actuacións concretas que expresamente quedan incluídas, o prezo do traballo profesional, os suplidos e outras cantidades non incluídas no prezo, os momentos nos que deben aboarse as cantidades e as consecuencias da finalización anticipada do encargo por renuncia, achantamento, perda sobrevinda do obxecto e outras causas.**
- b) Unicamente deben figurar as consecuencias da finalización anticipada da encarga por renuncia, achantamento, perda sobrevinda do obxecto e outras causas.
- c) Unicamente debe mencionarse o nome e apelidos de avogado e cliente, así como as súas sinaturas.
- d) Só é necesario que figure o obxecto da encarga e a sinatura de avogado e cliente.

12– Fernando, avogado en cuxo despacho se desenvolveron as negociacións entre os avogados dos herdeiros de Joaquín para tentar alcanzar un acordo extraxudicial na repartición da masa hereditaria, gravou as conversacións coas partes contrarias. Podería utilizalas como medio de proba ante o xulgado para a defensa do seu cliente?

- a) Si, se o seu cliente o autoriza para iso.
- b) Si, en todo caso, pois lle pertencen e son favorables aos seus intereses.
- c) **Si, pero unicamente se os outros avogados prestaron o seu consentimento sobre as gravacións e sobre a utilización que se lles vai dar.**
- d) En ningún caso.

13– Marta perdeu a confianza no avogado que defendeu os seus intereses nun asunto cuxa contía procesual é 500.000 €. Marta pregúntalle ao seu avogado se está asegurado, en que compañía e se ten cuberta unha eventual indemnización de 500.000 €. Que obriga de información ten o avogado?

- a) **Debe comunicarlle ao cliente todas as condicións de aseguramento da súa responsabilidade civil.**
- b) Só debe comunicarlle ao cliente se está asegurado ou non e en que compañía.

- c) Só está obrigado a facilitar ao cliente o seu número de colexiación e a que colexio pertence.
- d) Non ten que facilitar ningunha información en concreto.

14– O avogado Sergio chega a un acordo cun enfermeiro do Hospital “XXYYZZ” para que faga un labor publicitaria dos seus servizos entre as persoas que ingresan na UCI por accidentes de circulación e os seus familiares coa finalidade de captarlles como clientes. É correcta a actuación de Sergio?

- a) É perfectamente lícita, pois axústase ao exercicio profesional no ámbito da liberdade de mercado.
- b) Si, sempre que teña formación acreditada, pois a veracidade é o único límite da publicidade, en caso contrario sería enganosa.
- c) Non é correcta, pois os avogados non poden valerse de terceiros para captar clientela.
- d) Non é correcta, pola forma en que se realiza, xa que implica dirixirse a quen sexa vítimas de accidentes ou infortunios recentes que carecen da plena e serena liberdade de elección.

15– Nas conclusións dun xuízo oral a avogada Sara, referíndose ao avogado da parte contraria, expresa literalmente: “O avogado da parte demandante demostra un descoñecemento absoluto das leis e non debería exercer a avogacía”. É deontoloxicamente correcto utilizar esa expresión?

- a) Si, porque a dita expresión pode resultar xustificada para fortalecer o dereito de defensa do cliente e influír no convencemento da Sala.
- b) Non, ao expresarse en conclusións non admite a réplica do avogado aludido, polo que debe entenderse que é unha falta de consideración.
- c) Non, porque a dita expresión é unha alusión persoal ao avogado contrario, a quen ademais lle falta ao respecto. É unha expresión innecesaria para exercicio do dereito de defensa do cliente.
- d) Si, porque está amparada pola liberdade de expresión, que no caso do exercicio da avogacía é practicamente ilimitada, sen máis límite que a Lei orgánica do poder xudicial ou as leis de axuízamento.

16– O avogado Antonio, incorporado como exercente ao Colexio de Avogados de Badajoz o 2 de xaneiro de 2022, quere votar nas eleccións a membros da Xunta de Goberno do seu Colexio nas eleccións que foron convocadas con data 1 de setembro de 2022. Poderá Antonio votar nas eleccións conforme o que dispón o Estatuto xeral da avogacía española?

- a) Si, pode participar como elector porque leva máis de tres meses colexiado ao convocarse as eleccións.
- b) Si, pode participar como elector desde o mesmo día da colexiación.
- c) Non, porque aínda non leva seis meses colexiado ao convocarse as eleccións.
- d) Non, porque os colexiados non poden participar nas eleccións que se convoquen no seu primeiro ano de colexiación.

17– O avogado Víctor recibe un requirimento de información por parte do SEPBLAC (Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias) para que achegue determinada documentación que lle foi facilitada polo seu cliente para a súa defensa nun procedemento xudicial sobre a propiedade dunhas participacións societarias. Cal das seguintes condutas é correcta?

- a) O avogado deberá facilitar toda a información requirida salvo que o cliente o exclúise expresamente na folla de encarga.
- b) O avogado deberá facilitar toda a información requirida en todo caso.
- c) O avogado deberá facilitar toda a información requirida, tras llo comunicar fidedignamente ao seu cliente.
- d) O avogado non estará sometido á obriga de facilitar a documentación requirida con respecto á información que reciba na defensa de procesos xudiciais.

18– A Marcos, avogado exercente do Colexio da Avogacía de Barcelona, solicítalle un cliente demandar por negligencia profesional a outro avogado do seu mesmo colexio, por un importe de 80.000 € de responsabilidade civil. Que debe facer Marcos?

- a) Deberallo comunicar ao Colexio da Avogacía de Barcelona por se se considera oportuno realizar un labor de mediación antes de emprender accións contra o compañeiro.
- b) Antes de demandar o compañeiro deberá falar con el e tentar chegar a un acordo extraxudicial.
- c) Nada, pois un avogado non pode demandar a outro.
- d) Presentar a demanda directamente, sen levar a cabo ningunha actuación previa.

19– Alfonso, avogado exercente, adquiriu un teléfono móbil para o mellor desempeño da súa actividade profesional. Pode deducirse o importe do teléfono móbil no IRPF?

- a) Si, en calquera caso.
- b) Si, sempre que poida probarse que é utilizado para os fins profesionais e o uso persoal do teléfono móbil sexa irrelevante.
- c) Non está previsto legalmente este suposto.
- d) Non, en ningún caso.

20– Darío é un avogado exercente que facturou 3.000 € a un cliente por uns servizos profesionais. Ten que declarar estes ingresos se non os cobrou aínda?

- a) Si, en todo caso e no ano en que se facturan, pois é indiferente que cobrase ou non.
- b) Si, obrigatoriamente en estimación directa normal.
- c) Si, como rendemento do traballo.
- d) Non, se se acolle ao criterio de cobros e pagos.

21– En que suposto poderá un avogado exercente facer uso de feitos ou noticias sobre os cales deba gardar o segredo profesional?

- a) Nunca, pois a confidencialidade debe ser gardada en calquera suposto.
- b) No caso de que sexa substituído por outro avogado.
- c) Cando o considere necesario para a defensa do seu cliente.
- d) Cando se utilice para a propia defensa nun procedemento de reclamación por responsabilidade civil.

22– María Isabel foi sancionada polo Colexio de Avogados de Toledo e tras esgotar os recursos procedentes pensa en cambiarse de colexio para que non lle afecte a sanción. É isto posible?

- a) Si, pois as sancións impostas polos Colexios da Avogacía só teñen eficacia dentro do alcance territorial da Comunidade Autónoma á que pertence ese colexio.
- b) Non, pois as sancións producirán efecto no ámbito de todos os colexios da avogacía de España.
- c) Si, pois en materia disciplinaria non hai comunicación aos colexios e consellos autonómicos.
- d) Si, pois as sancións impostas polos colexios da avogacía só teñen eficacia dentro do alcance territorial do devandito colexio.

23– Javier cometeu unha infracción prevista no Estatuto xeral da avogacía española. Quen é competente para o exercicio da potestade disciplinaria?

- a) O Colexio da Avogacía do seu territorio.
- b) O Colexio da Avogacía do seu territorio só se a sanción é leve.
- c) O Consello Xeral da Avogacía Española en todo caso.
- d) O Consello Xeral da Avogacía Española só se a sanción é grave.

24– Andrés é avogado en Torrejón de Ardoz e desexa cambiar o seu despacho a Madrid, ambos pertencentes ao mesmo colexio da avogacía. Ten que comunicar ese cambio ao colexio?

- a) Si, pois é unha obriga dos colexiados comunicar ao colexio o domicilio do seu despacho profesional e os eventuais cambios.
- b) Non, pois os dous domicilios pertencen ao territorio do mesmo colexio.
- c) Non, pois os domicilios profesionais só se comunican ao Consello Xeral da Avogacía Española.
- d) Non, pois só está obrigado a comunicarllelo aos seus clientes.

25– Enrique, avogado do Colexio de Madrid, foi nomeado secretario de estado de Cultura. Debe comunicalo ao Colexio da Avogacía?

- a) Non, pois é un tema privado.
- b) Non, ao ser un cargo público, o colexio terá coñecemento de oficio.
- c) Si, pois debe anotarse no seu expediente de avogado.
- d) Si, pois ao ser un alto cargo da Administración estatal resulta incompatible coa condición de avogado exercente.

26– Fernando integrouse nun despacho colectivo en forma non societaria. No proceso de divorcio do seu cliente Cristina, sinalaron a data do xuízo o mesmo día no que ten a voda da súa filla. Substitúeo un compañeiro do despacho. Quen emitirá a factura?

- a) Este novo avogado emitirá a factura.
- b) A factura emitíraa Fernando.
- c) A factura emitíraa o despacho, correspondendo o cobro, en todo caso, a Fernando.
- d) A factura emitíraa o despacho, sen prexuízo do réxime interno de distribución.

27– Un grupo de profesionais da avogacía pretende constituír unha sociedade profesional e consideran se deben subscribir seguros individuais ou un seguro para a sociedade. Que deben subscribir?

- a) Un seguro para a sociedade profesional e un individual para cada un dos integrantes de forma obrigatoria.
- b) Un seguro para a sociedade profesional obrigatoriamente, sendo voluntarios os seguros individuais dos integrantes.
- c) É voluntaria a subscrición de seguros dun e doutro tipo.
- d) Un seguro específico e individual para cada un dos membros da sociedade profesional de forma obrigatoria, sendo voluntaria a subscrición do seguro colectivo.

28– O matrimonio formado por Luisa e José decidiron someter a mediación a súa disputa, pero na segunda sesión Luisa dáse conta de que non se vai chegar a un acordo e decide renunciar e abandonar a continuación do proceso de mediación. Pode Luisa facelo?

- a) Si pode, pero só se o autoriza a autoridade xudicial.
- b) Non pode, porque unha vez iniciado non cabe abandonar o proceso de mediación.
- c) Si pode, en calquera caso, sen necesidade de xustificar o motivo nin solicitar autorización nin aprobación de ninguén.
- d) Si pode, sempre que o xustifique documentalmente e o aprobe a persoa mediadora.

29– No ámbito dun proceso de mediación mantéñense negociacións entre as persoas mediadas para tentar alcanzar o acordo, pero, finalmente, este non chega, polo que as partes deciden abandonar este proceso de mediación. Iniciada a contenda xudicial, una das partes desvela ante a autoridade xudicial o contido destas negociacións mantidas no ámbito do proceso de mediación. Pódense desvelar estas negociacións?

- a) Si, pero se é o profesional da avogacía quen as desvela.
- b) Si, pero unicamente por parte da persoa mediadora.
- c) Si, sempre que iso non prexudique a ningunha das partes.
- d) En ningún caso, xa que a mediación é confidencial.

30– Miguel foi demandado por un acredor que lle reclama unha débeda de 1.500 € nun xuízo verbal. Necesita Miguel valerse de avogado e procurador para este xuízo verbal?

- a) Si, pois é preceptiva a intervención de avogado e Procurador.
- b) É preceptiva a intervención de procurador, pero non de avogado, por razón da contía.
- c) Só é preceptiva a intervención de avogado para a defensa dos seus intereses.
- d) Non é preceptiva a intervención de avogado nin de procurador, pois é un asunto que se tramita pola vía do xuízo verbal por razón da contía, que non excede de 2.000 €.

31– Manuel é parte demandada nun proceso civil e ten inimidade manifesta desde hai tempo co xuíz que coñece do asunto. Cando se debe formular a recusación?

- a) En calquera momento durante a tramitación do procedemento.
- b) No prazo de vinte días desde a notificación da primeira resolución pola que se coñece a identidade do xuíz.
- c) Durante o prazo para contestar á demanda.
- d) No prazo de dez días desde a notificación da primeira resolución pola que se coñece a identidade do xuíz.

32– Alicia e Pedro levan dous anos de matrimonio e non teñen fillos. Alicia presenta unha demanda de nulidade matrimonial contra Pedro, quen se opón á nulidade solicitada. Debe intervir neste proceso o Ministerio Fiscal?

- a) Si, pois a intervención do Ministerio Fiscal é preceptiva en todos os procesos de nulidade matrimonial.
- b) Non, salvo que cheguen a un acordo.
- c) Non, pois non teñen fillos menores de idade.
- d) Non, pois non transcorreron dez anos de matrimonio.

33– Mario, avogado exercente, debe presentar un recurso de apelación contra unha sentenza ditada por un Xulgado de Primeira Instancia de Melilla. Que órgano é competente para resolver o recurso?

- a) A Sección Primeira da Audiencia Provincial de Melilla.
- b) A Sección Primeira da Audiencia Provincial de Cádiz.
- c) A Sección Oitava da Audiencia Provincial de Sevilla.
- d) A Sección Oitava da Audiencia Provincial de Málaga.

34– Adolfo debe presentar un recurso de suplicación contra unha sentenza ditada nun procedemento de despedimento por un Xulgado do Social de León. Que órgano é competente para resolver o recurso?

- a) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León con sede en Salamanca.
- b) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León con sede en Soria.
- c) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León con sede en Valladolid.
- d) A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León con sede en León.

35– Nun proceso civil o demandante reclama unha indemnización de 150.000 € por lesión do seu dereito ao honor. A sentenza en primeira instancia é desacollidora. En segunda instancia a

Audiencia Provincial acolle o recurso. O demandado considera que esta sentenza non é axustada a dereito e que vulnera o artigo 24 da Constitución española, polo que desexa impugnar a sentenza baseándose na vulneración de dereitos fundamentais. Que trámites procesuais debe levar a cabo?

- a) Promover un incidente excepcional de nulidade de actuacións por vulneración de dereitos fundamentais ao amparo do artigo 228 da Lei de axuízamento civil.
- b) Presentar directamente un recurso de amparo.
- c) Presentar directamente un recurso de casación.
- d) Non pode impugnar esta sentenza.

36– Nun proceso civil reclámase a nulidade dun contrato por vicios de consentimento. Doutra banda, está pendente causa penal por delito de estafa en relación co contrato ao que se refire a demanda. Debe acordarse a suspensión do proceso civil por prexudicialidade penal?

- a) O tribunal civil acordará a suspensión do proceso civil cando estea pendente só de sentenza se considera que a cuestión penal condiciona a resolución do asunto civil.
- b) O tribunal civil acordará a suspensión do proceso civil en todo caso.
- c) O tribunal civil acordará a suspensión do proceso civil en calquera momento procesual se considera que a cuestión penal condiciona a resolución do asunto civil.
- d) O tribunal civil non pode acordar a suspensión do proceso civil.

37– Leonardo pretende demandar por danos a Emma, e coa finalidade de preparar adecuadamente a demanda solicita como dilixencia preliminar que Emma exhiba o contrato de seguro de responsabilidade civil que cobre os danos ocasionados. O xuíz concede a práctica da dilixencia solicitada, pero Emma considera que non procede legalmente. Que pode facer Emma para impugnar a decisión xudicial?

- a) Presentar recurso de reposición contra o auto que acorda a dilixencia.
- b) Presentar recurso de apelación contra o auto que acorda a dilixencia.
- c) Presentar escrito de oposición á práctica da dilixencia preliminar.
- d) Promover o incidente excepcional de nulidade de actuacións.

38– Eva presenta ao Tribunal minuta detallada dos honorarios devindicados pola súa actuación no proceso en defensa de Noelia, manifestando formalmente que os honorarios lle son debidos e non foron satisfeitos. Noelia é requirida de pago polo letrado da Administración de Xustiza, tras o cal impugna a minuta por considerar que os honorarios son excesivos. Que trámites se realizan para resolver esta impugnación?

- a) O letrado da Administración de Xustiza empra a avogada por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación, e se non acepta a redución, resolverá mediante decreto determinando a cantidade que deba satisfacerse.
- b) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado á avogada por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación, e se non acepta a redución, solicitará informe do colexio da avogacía e, unha vez emitido este, resolverá mediante decreto determinando a cantidade que deba satisfacerse.
- c) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado á avogada por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación, e se non acepta a redución, solicitará informe do colexio da avogacía e, unha vez emitido este, o xuíz resolverá mediante auto determinando a cantidade que deba satisfacerse.
- d) O letrado da Administración de Xustiza empra a avogada por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación, e se non acepta a redución, o xuíz resolverá mediante auto determinando a cantidade que deba satisfacerse.

39– Alberto (promotor) e Juan (construtor) teñen certas diferenzas á hora de interpretar o correcto cumprimento das respectivas obrigas que lles incumben respecto a unha cláusula incorporada a un contrato de execución de obra. Ambas as partes pactaron á hora de redactar o dito contrato a submisión de calquera conflito, disputa ou interpretación do contrato a arbitraje. É de obrigatorio cumprimento esta submisión de tal forma que as partes terán que resolver a súa disputa mediante arbitraje?

- a) Si, é obrigatoria a submisión neste caso a arbitraje, salvo que a parte a quen interese o cumprimento do convenio arbitral non o invoque mediante declinatoria.
- b) Dependendo da natureza do conflito neste asunto pode ser obrigatoria ou non esta submisión a arbitraje.
- c) Só é obrigatoria se as partes validan de mutuo acordo esta cláusula de sometemento a arbitraje unha vez que xorde o conflito ou disputa.
- d) Non obriga, xa que sempre cabe acudir con preferencia á autoridade xudicial á vontade de calquera das partes.

40– Pode interpoñerse recurso de apelación ante a autoridade xudicial contra o laudo definitivo que dite o árbitro nun procedemento de arbitraje?

- a) Cabe interpoñer recurso de apelación, pero ante o mesmo árbitro, para que este o remita á autoridade xudicial para a súa resolución.
- b) Cabe interpoñer recurso de apelación, pero ante o mesmo árbitro para que este volva resolver o asunto.
- c) Non cabe interpoñer recurso de apelación ante a autoridade xudicial, pero si a acción de anulación.
- d) Si, pois a autoridade xudicial sempre é preferente, en calquera caso.

41– Unha sociedade profesional dedicada ao asesoramento xurídico ha sufrido unha violación de seguridade que afecta os datos persoais dos seus clientes. Que debe facer a sociedade profesional?

- a) O Código Deontolóxico da Avogacía e o deber de segredo profesional exime da obriga de notificación á autoridade.
- b) Debe notificar, en todo caso, a violación á autoridade de control competente en materia de protección de datos.
- c) Notificaralla á autoridade de control competente se é probable que a violación constitúa un risco para os dereitos e as liberdades dos afectados.
- d) Abondará con que a notifique ao seu delegado de protección de datos.

42– Nun proceso laboral acóllese integramente a demanda presentada polo traballador demandante. O demandado non compareceu no seu día inxustificadamente ao acto de conciliación previa. Cal será o pronunciamento de custas?

- a) Non haberá pronunciamento sobre custas.
- b) Só se lle impondrán as custas ao demandado no caso de temeridade ou mala fe.
- c) Non haberá condena en custas, pero si unha sanción pecuniaria pola inasistencia.
- d) Impondránse as custas ao demandado incluídos honorarios ata un límite de 600 € do avogado ou graduado social colexiado do traballador.

43– Na primeira instancia dun proceso contencioso-administrativo acóllese o recurso do demandante integramente contra a Administración demandada. Cal será o pronunciamento sobre as custas?

- a) En ningún caso se lle impondrán custas á Administración.
- b) Impondránse as custas ao demandado só no caso de temeridade ou mala fe.

c) Imponeránselle á Administración demandada, salvo que o Tribunal aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

d) Non haberá pronunciamento sobre custas.

44– Rubén foi demandado nun proceso civil no que lle reclaman un pago de 15.000 €. Noutro proceso civil no que tamén é demandado por unha reclamación de cantidade distinta, Rubén obtivo o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta e está a ser defendido por un avogado de oficio. Para o segundo proceso civil, ten Rubén que efectuar unha nova petición de asistencia xurídica gratuíta?

a) Si, deberá presentar unha nova solicitude ante o colexio da avogacía territorialmente competente ou ante o xulgado do domicilio do interesado.

b) Non, o avogado de oficio designado para o primeiro proceso civil asumirá a defensa no segundo proceso.

c) Non, pois non terá dereito á asistencia xurídica gratuíta neste segundo proceso.

d) Si, deberá presentar unha nova solicitude ante o propio avogado de oficio do primeiro proceso.

45– Entre as funcións que ten atribuídas o Tribunal Constitucional en virtude do noso ordenamento xurídico atópase a tutela dos dereitos fundamentais recoñecidos nos artigos 14 a 29 da Constitución española. Cal dos seguintes procedementos serve ao Tribunal Constitucional para a realización desta función?

a) O procedemento de hábeas corpus.

b) A cuestión de inconstitucionalidade.

c) O recurso de amparo constitucional.

d) O recurso de apelación.

46– A Empresa de transportes terrestres XXY S.L. realiza uns portes para a empresa ZZZ S.L. Entre ambas as empresas xorden diferenzas sobre o cumprimento de determinados aspectos acerca da normativa de transportes, o que provoca que a empresa ZZZ S.L. se negue ao pagamento do servizo de portes. A empresa transportista XXY S.L. acode ao despacho da avogada Carmen para solicitarlle que emprenda accións legais. Que clase de tribunal coñecerá desta demanda?

a) O Xulgado de Primeira Instancia, ao existir unha negativa ao pago.

b) O Xulgado do Mercantil, ao tratarse dun proceso en materia de transporte terrestre.

c) O Xulgado do Social, ao tratarse dun proceso entre dúas sociedades de capital.

d) O Xulgado do Contencioso-administrativo, ao tratarse dun contrato.

47– O Concello de Getafe subscribiu un contrato privado coa compañía de teatro XXYZZ S.L. para unha actuación con motivo da semana da cultura da devandita localidade. Entre ambas as partes contratantes xurdiron desavinzas en relación co pago das cantidades pactadas no contrato. Ante que orde xurisdiccional se presentará a demanda?

a) Ante os tribunais da orde civil.

b) Ante os tribunais da orde penal.

c) Ante os tribunais da orde social.

d) Ante os tribunais da orde contencioso-administrativa.

48– Estefanía defende os intereses dun empresario ruso sobre operacións relativas á compravenda de inmobles. Este empresario sèrvese dun intermediario para facerlle as encargas a Estefanía e pagarlle os servizos prestados. Pode Estefanía xestionar estes servizos do empresario ruso tendo en conta o previsto na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo?

- a) Non pode xestionar os servizos en ningún caso, pois non o coñece persoalmente.
- b) Non pode xestionar os servizos en ningún caso, posto que non ten certeza de que lle pague o propio empresario ruso.
- c) Si pode xestionar os servizos en todo caso, sen ter que realizar ningunha actuación ao respecto.
- d) Si pode xestionar os servizos, sempre que o intermediario lle facilite os datos do titular real da operación e lle exhiba os documentos oportunos.

49– María é graduada social e decidiu pedir o ingreso no Colexio de Avogados de Granada, onde exerce profesionalmente, para poder exercer como avogada na xurisdición social. É posible o que quere facer María?

- a) Non é posible, pois se esixe ser licenciado ou graduado en Dereito ademais de superar a proba de acceso á avogacía.
- b) Si é posible, pero só poderá exercer na xurisdición social.
- c) Si é posible, pero non poderá exercer ata que o colexio de avogados lle entregue o carné profesional.
- d) Si é posible, pero deberá superar un curso específico de Dereito Laboral.

50– Jaime, que está colexiado en Madrid e ten como cliente un construtor que desenvolve a súa actividade profesional por toda España, debe intervir nun proceso xudicial ante o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía. Cal das seguintes proposicións é a correcta?

- a) Jaime pode intervir ante calquera órgano xudicial do territorio español sen necesidade de habilitación especial.
- b) Jaime deberá darse de baixa do seu actual colexio para colexiar nalgún dos colexios da Comunidade Autónoma de Andalucía.
- c) Jaime non poderá defender os intereses do seu cliente e debora ser substituído por outro avogado colexiado nalgún dos colexios da Comunidade Autónoma de Andalucía.
- d) Jaime necesitará unha habilitación especial do Consello Xeral da Avogacía Española.

Preguntas de reserva

1– A letrada da Administración de Xustiza ditou un decreto no recurso contencioso administrativo que o avogado Pedro interpuxo como procedemento ordinario e, aínda que Pedro interpuxo recurso de reposición, este foi desacollido. Cal das seguintes condutas é deontoloxicamente correcta?

- a) O avogado debe informar o cliente da evolución do asunto e das resolucións transcendentais, o que implica comunicarlle tanto o decreto como o recurso.
- b) Ao ser preceptiva a intervención de avogado non é necesario informar o cliente, xa que o avogado exerce a súa defensa.
- c) Non é preciso informar o cliente da inadecuación de procedemento porque unicamente debe comunicárselle a resolución definitiva.
- d) O avogado debe informar o cliente do desacollemento dos recursos interpostos no seu interese unicamente se na resolución desacollidora se lle impoñen as custas ao cliente.

2– Casilda é unha avogada sobradamente coñecida en Alcalá de Henares, polo que nunca lle solicitan o carné profesional. Casilda decide pasar a avogada non exercente e continuar co exercicio da profesión, pois seguramente ninguén se decatará diso. Como se cualifica esta conduta?

- a) Inmoral, aínda que legalmente estea consentida.
- b) Permitida, pois non ten consecuencias legais.
- c) Intrusión profesional.**
- d) Práctica, pois aforra o diñeiro da súa cota colexial.

3– Pode un avogado utilizar as confidencias e propostas que recibiu do avogado contrario nun preito anterior para usalas noutro diferente e posterior?

- a) Non, salvo que o colexio da avogacía o autorice expresamente.
- b) Si, porque se trata de confidencias e propostas que recibiu da parte contraria, non dun anterior cliente.
- c) Si, porque non se trata do mesmo procedemento.
- d) Non, porque o deber de segredo profesional inclúe todas as confidencias e propostas que o avogado recibise pola súa actuación profesional, mesmo da parte adversa.**

4– Román, avogado exercente, defende os intereses de varios acredores dun mesmo debedor. Antes de presentar a demanda Román advirte que dúas dos seus clientes poden entrar en disputa sobre cal dos seus respectivos créditos pode considerarse preferente respecto do outro. Cal das seguintes condutas é a correcta?

- a) O avogado pode continuar asesorando a ambos e deixar que se dilucide xudicialmente cal dos seus créditos é preferente.
- b) O avogado debe renunciar ao asesoramento de ambos os clientes.**
- c) O avogado debe promover unha previa terzaría de mellor dereito entre ambos os clientes para dilucidar a preferencia de cobro antes de demandar ao debedor.
- d) O avogado debe renunciar ao asesoramento do último cliente que contratase os seus servizos.

5– Plácido, avogado en exercicio de Sevilla, decide publicitar o nome dun dos seus clientes, un famoso futbolista, para ter maior notoriedade e captar máis clientes. Pode legalmente levar a cabo esta práctica?

- a) Si, co permiso do Colexio de Avogados de Sevilla.
- b) Si, co permiso do Consello Xeral da Avogacía Española.
- c) Si, co permiso da maioría dos seus clientes.
- d) Non, ao tratarse de datos persoais dos seus clientes.**

6– Míriam é avogada colexiada e solicita darse de alta no Colexio de Procuradores de Madrid. É esta solicitude viable?

- a) Non, ao ser ambas as profesións incompatibles.**
- b) Si, sempre que teña o título de licenciada ou graduada en Dereito.
- c) Si, sempre que poida exercer ambas as profesións sen prexudicar os dereitos dos seus clientes.
- d) Si, sempre que os colexios sexan do mesmo territorio.

A. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1– Xiomara realizou un empalme no contador da Comunidade de Propietarios para obter enerxía eléctrica da súa veciña María del Carmen sen o seu consentimento e defraudoulle un total de 450 € en electricidade. Tendo en conta que este delito está castigado no artigo 255.1 do Código penal con pena de multa de tres a doce meses, que tipo de delito cometeu Xiomara?

- a) Un delito menos grave, dado que a contía defraudada excede de 400 €.
- b) Un delito grave, dado que a pena máxima a impoñer alcanza os doce meses de multa.
- c) Un delito leve, dado que a pena mínima a impoñer é de tres meses de multa.**
- d) Un delito menos grave, dado que segundo o Código penal a pena máxima asociada aos delitos leves é de tres meses de multa.

2– Jonay, á saída dunha discoteca, propinoulle unha puñada a Eloy que lle provocou unha ferida que precisou de tratamento cirúrxico. No momento dos feitos, Jonay, que padece unha grave adicción ás bebidas alcohólicas, atopábase fortemente embriagado, o cal afectou levemente ás súas facultades volitivas e intelectivas. Igualmente, no momento dos feitos, Jonay era reincidente. Tendo en conta que o artigo 147.1 do Código penal permite castigar ese delito cunha pena de multa de seis a doce meses, entre outras, que pena poderá a xuíza do penal impoñerlle a Jonay?

- a) Só poderá impoñerlle a pena na súa metade inferior ao concorrer unha circunstancia atenuante.
- b) Só poderá impoñerlle a pena na súa metade superior por ser reincidente.
- c) A xuíza deberá valorar e compensar a atenuante e a agravante racionalmente para a individualización da pena.**
- d) A xuíza non poderá impoñerlle ningunha pena a Jonay, posto que no momento de cometer a infracción consumira bebidas alcohólicas e, por tanto, está exento de responsabilidade criminal.

3– Guillermo foi condenado como autor responsable dun delito de violencia psíquica habitual cometido contra a súa muller Yaiza á pena de prisión de dous anos e á privación do dereito á tenza e porte de armas durante catro anos. Debe impoñérselle algunha pena accesoria?

- a) Imperativamente deberá aplicarse como pena accesoria a prohibición prevista no artigo 48.2 do Código penal por un tempo superior entre un e cinco anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza.**
- b) Imperativamente non deberá aplicarse ningunha pena accesoria.
- c) Imperativamente deberá aplicarse como pena accesoria a prohibición prevista no artigo 48.2 do Código penal por un tempo superior entre dous e dez anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza.
- d) Imperativamente deberá aplicarse como pena accesoria a prohibición prevista no artigo 48.3 do Código penal por un tempo superior entre dous e dez anos ao da duración da pena de prisión imposta na sentenza.

4– Joana e Marcos, postos de común acordo e actuando con ánimo de lucro, acudiron a un supermercado e apoderáronse de diversos produtos por importe de 500 €, tras o cal fuxiron do lugar sen aboalos. O supermercado reclama a correspondente indemnización, posto que non recuperou ningún dos efectos subtraídos. Joana e Marcos preguntanlle á súa avogada Rebeca como deberán aboar a dita responsabilidade civil en caso de ser condenados. Que deberá contestarlles Rebeca?

- a) Que cada un deles responderá civilmente unicamente ata o límite de 250 €, dado que só poden responder pola metade da responsabilidade civil.

- b) Que unicamente van responder penalmente pero non civilmente, sen prexuízo de que o supermercado poida reclamarlles a dita cantidade no seo da xurisdición civil.
- c) **Que ambos responderán solidariamente polo devandito importe ao ser coautores do feito.**
- d) Que unicamente responderán civilmente no caso de que o supermercado non dispoña de seguro de responsabilidade civil.

5– Alan perpetrrou un roubo con violencia cando tiña 17 anos de idade. O día da celebración do xuízo, Alan xa cumpriu os 18 anos. Que debe facer o xuíz de menores?

- a) **Continuar co procedemento de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dado que Alan, no momento de cometer a infracción, era menor de idade.**
- b) Terá que inhibirse necesariamente ao Xulgado do Penal que por quenda corresponda, para que continúe co axuizamento de Alan, posto que xa alcanzou a maioría de idade.
- c) Requirirá informe ao equipo técnico para que avalíe o grao de madurez de Alan e en función diso decidirá se continúa axuizando o procedemento ou se inhibe aos xulgados ordinarios do penal.
- d) A competencia decidíraa o fiscal de menores, atendendo á valoración xurídica dos feitos, así como especialmente ás circunstancias familiares e sociais, a personalidade e o interese de Alan, despois de escoitar ao equipo técnico.

6– O día 10 de xaneiro de 2021 o Xulgado de Instrución nº 1 de Coslada dita un auto acordando a incoación dun procedemento contra varias persoas, físicas e xurídicas, pola súa presunta participación nun delito contra a Facenda Pública, e acorda a práctica dunha serie de dilixencias. A principios de decembro de 2021 o avogado do Estado e o Ministerio Fiscal, partes acusadoras constituídas nas actuacións, decátanse de que aínda restan por acordarse e practicarse varias dilixencias imprescindibles para o esclarecemento dos feitos obxecto de investigación. Poden aínda practicarse esas dilixencias?

- a) Non, posto que a investigación xudicial se desenvolverá nun prazo máximo de seis meses desde a incoación da causa.
- b) Si, pero unicamente no caso de que, con anterioridade ao prazo de seis meses desde a incoación da causa, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, oídas as partes, acordase a prórroga da instrución por un período de seis meses.
- c) **Si, posto que non transcorreu o prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa, polo que non é necesaria a prórroga da instrución.**
- d) Si, pero unicamente no caso de que esas dilixencias poidan acordarse e practicarse antes do día 10 de xaneiro de 2022, sen seren válidas as que se reciban despois desa data.

7– Xoel está a ser investigado por golpear o día anterior á súa detención tanto á súa exmuller Mariña como ao seu fillo Ismael, o cal é maior de idade, se ben a súa capacidade está modificada xudicialmente ao precisar dalgunhas medidas de apoio. Tanto Marina como Ismael, no momento dos feitos, non convivían con Xoel desde había máis de un mes. Cal é o xulgado competente para coñecer destes feitos?

- a) **O Xulgado de Violencia sobre a Muller coñecerá dos feitos cometidos sobre Marina, pero deberá inhibirse ao Xulgado de Instrución polos feitos cometidos sobre Ismael.**
- b) O Xulgado de Violencia sobre a Muller é o competente para coñecer de ambos os asuntos, dado que Ismael é unha persoa cuxa capacidade foi modificada xudicialmente.
- c) O Xulgado de Violencia sobre a Muller non é competente para coñecer de ningún destes feitos, posto que nin Marina nin Ismael convivían xa con Xoel na data dos feitos.
- d) O Xulgado de Instrución é o competente para coñecer de todos os feitos, posto que Ismael é maior de idade e Marina xa non mantén unha relación sentimental con Xoel ao ser a súa exparella.

8– Erling, cidadán noruegués residente en Oslo, é titular dunha vivenda vacacional en Alcudia e desexa interpoñer unha querela contra o seu veciño Joan por uns danos dolosos que lle ocasionou no devandito domicilio. Pode querelarse Erling en España?

- a) Non, ao tratarse dun cidadán estranxeiro, os cales non poden interpoñer querela en España.
- b) Si, ao tratarse da persoa ofendida polo delito, sen necesidade de prestar fianza.
- c) Si, pero coa obriga de prestar fianza, salvo que nos tratados internacionais ou en virtude do principio de reciprocidade se estableza outra cousa.
- d) Si, ao tratarse dun cidadán dun país que forma parte do espazo Schengen, de forma que lle son de aplicación as mesmas condicións que as establecidas para os cidadáns españois, podendo querelarse, fosen ou non ofendidos polo delito, exercitando, de ser o caso, a acción popular establecida no artigo 101 da Lei de axuízamento criminal.

9– María contactou co seu avogado Íñigo para a interposición dunha querela contra Lucía. Cal das seguintes circunstancias non ten que incluír necesariamente Íñigo na querela?

- a) O xuíz ou tribunal ante quen se presente.
- b) A petición de que se admita a querela.
- c) O nome, apelidos e veciñanza do querelante.
- d) A cualificación xurídica do feito obxecto da querela.

10– Joan foi citado para comparecer como denunciado ante o Xulgado de Instrución nº 2 de Arganda del Rey para o axuízamento dun delito leve de usurpación de ben inmovible do artigo 245.2 do Código penal, castigado con pena de multa de tres a seis meses. É necesario que Joan compareza ao xuízo asistido de avogado?

- a) Non. Os xuízos por delito leve celebráranse sempre sen asistencia letrada.
- b) Joan poderá designar avogado para que o asista se así o estima oportuno, podendo acudir ao xuízo sen asistencia letrada se o prefire.
- c) Joan deberá comparecer necesariamente asistido de avogado.
- d) Joan deberá comparecer asistido de avogado, aínda que se o seu letrado, debidamente citado, non comparece o día do xuízo, este non se suspenderá, senón que a súa celebración continuará, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias que poidan impoñerse ao dito profesional.

11– Durante o servizo de garda no Xulgado de Instrución nº 3 de Alcalá de Henares, o Ministerio Fiscal formulou acusación contra Xácome por un delito de roubo con violencia do artigo 242.1 do Código penal (delito castigado con penas de entre dous a cinco anos de prisión) que se tramita como xuízo rápido. A fiscalía solicita que se impoña a Xácome a pena de dous anos e seis meses de prisión. Xácome quere prestar a súa conformidade coa dita acusación e pena, dado que pensa que así a pena solicitada pola fiscalía será reducida nun terzo, e así llo expón á súa avogada Sabela. Que debe contestarlle Sabela ao seu cliente nesta situación?

- a) Que, efectivamente, pode prestar a súa conformidade coa acusación e pena solicitada, obtendo a correspondente rebaixa do terzo da pena imposta, de modo que se lle impoñería finalmente a pena de vinte meses de prisión.
- b) Que non é posible que preste a súa conformidade ante o Xulgado de Instrución dado que os feitos obxecto de acusación foron cualificados como delito castigado con penas de ata cinco anos de prisión.
- c) Que non é posible que preste a súa conformidade ante o Xulgado de Instrución dado que a pena solicitada polo Ministerio Fiscal excede dos dous anos de prisión.
- d) Que, efectivamente, pode prestar a súa conformidade coa acusación e a pena solicitada, se ben non pode beneficiarse da redución do terzo da pena imposta ao tratarse dun delito de roubo con violencia, de modo que a pena que finalmente se lle impoñería sería a de dous anos e seis meses de prisión.

12– Marina atópase investigada por un delito de roubo con forza e non dispón de ingresos económicos, polo que ten recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, e designóuselle designado para a súa defensa a avogada Asunta. Mais Marina non está conforme coa designación

desa avogada, sendo o seu desexo ser defendida por Pablo. Pode cambiar Marina libremente de avogado?

- a) Si, pero neste caso deberá aboarlle a Pablo os seus honorarios, salvo que este renuncie a eles.
- b) Si, sen necesidade de lle aboar a Pablo os seus honorarios dado que ten recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- c) Non, en ningún caso, dado que ao ter recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta non cabe a libre designación de avogado.
- d) Non, salvo no caso de que acredite que Asunta non realizou correctamente a súa defensa. Neste caso, Marina poderá designar libremente o profesional da súa elección, sen necesidade de lle aboar os seus honorarios.

13– Adrián está a ser investigado por un delito de malos tratos no ámbito da violencia de xénero despois de golpear a súa muller, Diana. A xuíza de violencia sobre a muller competente acordou unha orde de protección en favor de Diana e procedeu a suspender o réxime de visitas entre Adrián e o seu fillo menor. Adrián pregúntalle á súa avogada Yolanda canto tempo durará a suspensión do dito réxime de visitas. Que deberá contestarlle Yolanda?

- a) Que o réxime de visitas se manterá suspendido durante toda a tramitación do procedemento penal e ata que finalice por unha resolución firme.
- b) Que a suspensión do réxime de visitas así acordada terá unha vixencia máxima de vinte días, sen prexuízo de que, con posterioridade a ese prazo, Diana poida incoar un proceso ante a xurisdición civil volvendo solicitar esa suspensión.
- c) Que a suspensión do réxime de visitas así acordada terá unha vixencia temporal de trinta días. Só se dentro do dito prazo fose incoado por instancia de Diana un proceso de familia ante a xurisdición civil, as medidas adoptadas permanecerían en vigor durante os trinta días seguintes á presentación da demanda, debendo, durante ese período, ser ratificadas, modificadas ou deixadas sen efecto polo xuíz de primeira instancia que resulte competente.
- d) Que a duración da suspensión do réxime de visitas dependerá exclusivamente da vontade da xuíza que acordou a orde de protección, en cuxo auto deberá fixar o prazo máximo de vixencia da medida de carácter civil.

14– Sergi atópase en prisión preventiva por risco de fuga desde o día 18 de setembro de 2020 por un delito contra a saúde pública na súa modalidade de tráfico de substancias estupefacientes que causan un grave dano á saúde do artigo 368.1 do Código penal (delito castigado con penas de tres a seis anos de prisión). O día 17 de setembro de 2022, a instrución da causa aínda non finalizou. Ata cando pode permanecer Sergi en prisión preventiva?

- a) Necesariamente deberá quedar en liberdade o día 17 de setembro de 2022, debido a que transcorrerían dous anos, prazo máximo que Sergi pode estar privado preventivamente de liberdade sen que en ningún caso a lei permita a prórroga do devandito prazo máximo.
- b) Ata o día 17 de setembro de 2023, pero só no caso en que o xuíz de instrución, antes do transcurso dos dous anos da prisión preventiva de Sergi, a prorrogue, sen que esa prórroga poida en ningún caso exceder de un ano.
- c) Ata o día 17 de setembro de 2023, sen necesidade de que o xuíz de instrución prorrogue a prisión preventiva de Sergi, dado que o prazo máximo que fixa a lei para a privación preventiva de liberdade é de tres anos, sempre que o delito teña sinaladas penas privativas de liberdade superiores a tres anos.
- d) Ata o día 17 de setembro de 2024, pero só no caso en que o xuíz de instrución, antes do transcurso dos dous anos da prisión preventiva de Sergi, a prorrogue, sen que esa prórroga poida en ningún caso exceder de dous anos.

15– Raúl foi vítima dun delito de lesións polo que perdeu a visión completa dun ollo. No procedemento ordinario dirixido contra o procesado por tales feitos, Raúl está representado a través do seu avogado José María. A Audiencia Provincial acordou a apertura de xuízo oral e

deulle traslado a José María para que formule a súa cualificación dos feitos. Que debe incluír José María no ordinal terceiro do seu escrito de cualificación?

- a) A cualificación legal dos feitos que resulten do sumario.
- b) Os feitos punibles que resulten do sumario.
- c) **A participación que neles tivesen o procesado ou procesados, se foren varios.**
- d) Os feitos que resulten do sumario e que constitúan circunstancias atenuantes ou agravantes do delito ou eximentes de responsabilidade criminal.

16– No ámbito do procedemento abreviado, chegado o día do xuízo oral, pode alterarse a orde das probas propostas polas partes nos seus correspondentes escritos de conclusións provisionais?

- a) Non, en ningún caso. As probas solicitadas por cada unha das partes practícaranse segundo a orde na que fosen propostas nos seus respectivos escritos, sen que sexa xa posible alterar esta orde no acto do xuízo oral.
- b) Si, pero só por instancia do Ministerio Fiscal, sempre que xustifique que a alteración da orde evitará a vitimización secundaria da persoa prexudicada polo delito.
- c) **Si, o presidente poderá alterar esta orde por instancia de parte e mesmo de oficio, cando así o considere conveniente para o maior esclarecemento dos feitos ou para o máis seguro descubrimento da verdade.**
- d) Non, salvo no caso do interrogatorio dos acusados, sendo o único suposto no que as súas representacións, se así o estiman oportuno, poden solicitar en calquera momento que o dito interrogatorio se practique en último lugar.

17– Manuel atópase en prisión preventiva por un delito de roubo con forza en casa habitada, tramitándose a súa causa polo procedemento abreviado. O xuíz de instrución acaba de ditar auto de apertura do xuízo oral. Manuel pídlle ao seu avogado Jorge que recorra contra a dita resolución para solicitar o sobresemento provisional da súa causa. Que solucións poderá darlle Jorge ao seu cliente?

- a) Explicarlle que non cabe recurso ningún contra o auto de apertura do xuízo oral no seo do procedemento abreviado.
- b) Explicarlle que inmediatamente interpoñerá recurso de reforma e subsidiario de apelación contra o dito auto.
- c) **Explicarlle que non cabe recurso ningún contra o auto de apertura do xuízo oral, pero que interpoñerá recurso no relativo á súa situación persoal para solicitar a súa inmediata posta en liberdade provisoria.**
- d) Explicarlle que, contra o auto de apertura do xuízo oral no procedemento abreviado, só cabe recurso respecto das responsabilidades civís e a prestación de fianza.

18– Ionut, cidadán de nacionalidade romanesa, foi condenado á pena de un ano e seis meses de prisión. Ionut reside en España desde hai un ano, se ben carece de traballo e a súa familia reside en Romanía. Neste caso, pode dita pena ser substituída pola expulsión de Ionut do territorio español?

- a) Si, posto que se trata dun cidadán estranxeiro, sen arraigamento en España, que foi condenado a unha pena de prisión de máis dun ano.
- b) Non, debido a que só procede a substitución das penas de prisión por expulsión cando a duración daquelas exceda de dous anos.
- c) Non, posto que se trata dun cidadán da Unión Europea, polo que non pode ser expulsado en ningún caso.
- d) **Si, no caso de que Ionut represente unha ameaza grave para a orde pública ou a seguridade pública de España.**

19– Marta foi condenada polo Xulgado de Instrución nº 3 de Coslada por un delito leve de furto á pena de sesenta días de multa cunha cota diaria de seis euros. Marta satisfixo a metade da multa imposta e deixou de pagar o resto. Foi acordada polo xulgado a responsabilidade persoal subsidiaria de Marta, polo que esta lle pregunta á súa avogada Desirée se pode cumprir aquela mediante traballos en beneficio da comunidade e, se é o caso, cantas xornadas de traballo terá que realizar. Que resposta deberá darlle Desirée?

a) Que terá que realizar 15 xornadas de traballo en beneficio da comunidade.

b) Que terá que realizar 30 xornadas de traballo en beneficio da comunidade.

c) Que a responsabilidade persoal subsidiaria non pode cumprirse a través de traballos en beneficio da comunidade. Só cabe o seu cumprimento a través de días de privación de liberdade, se ben, ao tratarse dun delito leve, poderá cumprila mediante localización permanente, cuxa duración no caso de Marta será de 15 días.

d) Que a responsabilidade persoal subsidiaria non pode cumprirse a través de traballos en beneficio da comunidade. Só cabe o seu cumprimento a través de días de privación de liberdade, se ben, ao tratarse dun delito leve, poderá cumprila mediante localización permanente, cuxa duración no caso de Marta será de 30 días.

20– As persoas xurídicas, con posterioridade á comisión do delito e a través dos seus representantes legais, poden realizar actividades para atenuar a súa responsabilidade penal. Cal das seguintes circunstancias non se considera atenuante da responsabilidade penal das persoas xurídicas?

a) Ter colaborado na investigación do feito achegando probas, en calquera momento do proceso, que fosen novas e decisivas para esclarecer as responsabilidades penais dimanantes dos feitos.

b) Ter procedido en calquera momento do procedemento e con anterioridade ao xuízo oral a reparar ou diminuír o dano causado polo delito.

c) Ter procedido a confesar a infracción ás autoridades, despois de que o procedemento xudicial se dirixise contra ela e con anterioridade á celebración do xuízo oral.

d) Ter establecido, antes do comezo do xuízo oral, medidas eficaces para previr e descubrir os delitos que no futuro puideren cometerse cos medios ou baixo a cobertura da persoa xurídica.

21– Irune é a avogada de Gorka, quen foi acusado dun delito de furto. Xusto antes do comezo da vista, Irune é informada de que John, unha das testemuñas que ela propuxera no seu escrito de defensa, non puido ser localizada polo Tribunal ao estar no estranxeiro en paradiro descoñecido. John declarou, en fase de instrución e en presenza de todas as partes, en favor de Gorka. Que poderá facer Irune ante esta situación?

a) Irune poderá solicitar que se proceda á lectura da declaración que John prestou en sede xudicial para que esta poida ser valorada xunto co resto de probas polo tribunal.

b) Irune poderá solicitar que se proceda a reproducir a declaración que John prestou en sede xudicial, pero unicamente no caso de que esta fose practicada como proba preconstituída.

c) Irune terá que celebrar o xuízo co resto de proba de descargo que propuxese, prescindindo da declaración de John, dado que é unha testemuña estranxeira, en paradiro descoñecido, sen ser imputable a súa ausencia a ningunha das partes nin ao tribunal.

d) Irune poderá solicitar que se proceda á lectura da declaración que John prestou en sede xudicial para que poida ser valorada polo tribunal, pero unicamente no caso de que o resto das partes non se opoña a iso.

22– Nunhas dilixencias previas, o xuíz de instrución acordou a imputación dunha persoa xurídica, a mercantil XYYYZZ. O xuíz citou para o día 22 de novembro de 2022 ao representante designado por esta mercantil para que declare acerca dos feitos investigados, debidamente asistido do seu avogado. Chegado o día sinalado, ninguén comparece á declaración. Que debe facer o xuíz de instrución?

- a) O xuíz de instrución dará por celebrado este acto, entendéndose que a persoa xurídica se acolle ao seu dereito a non declarar.
- b) Deberá volver citar ao representante especialmente designado por esta mercantil, podendo impoñerlle multas coercitivas en caso dunha nova incomparecencia.
- c) Instará a persoa xurídica imputada á designación dun novo representante para que proceda a declarar acerca destes feitos.
- d) Acordará medidas cautelares contra a persoa xurídica, podendo alzaslas cando esta compareza no procedemento.

23– Micaela interpuxo denuncia contra o seu marido Eric por un delito de malos tratos no ámbito da violencia de xénero do artigo 153.1 do Código penal. En sede xudicial, Micaela, asistida da súa avogada Belén, relatou ante o xuíz de violencia sobre a muller que instruía o caso os feitos recolleitos na súa denuncia. Micaela renunciou a continuar sendo parte no proceso como acusación particular antes do ditado do auto de apertura de xuízo oral, se ben este ditouse por instancia do Ministerio Fiscal. O día da vista, ten Micaela a obriga de declarar ante a xuíza do penal?

- a) Non, posto que a persoa acusada é o seu cónxuxe.
- b) Si, posto que Micaela foi parte no proceso como acusación particular.
- c) Non, posto que, aínda que Micaela foi parte no proceso como acusación particular, renunciou a exercitar a acción penal antes da apertura do xuízo oral.
- d) Si, posto que Micaela é vítima dun delito de violencia de xénero, os cales están excluídos expresamente da posibilidade da dispensa da obriga de declarar.

24– Jesús está a ser investigado por un delito contra a indemnidade sexual no que é vítima un menor de idade. A xuíza de instrución citou a todas as partes para realizar a audiencia da testemuña menor como proba preconstituída. Con todo, o día sinalado non comparecen nin Jesús nin o seu avogado Juan, debidamente citados. Que opcións ten a xuíza de instrución?

- a) Deberá suspender a celebración da proba preconstituída, posto que a dita proba ten que celebrarse respectando o principio de contradición, sendo sempre necesaria tanto a presenza do investigado como do seu defensa letrado.
- b) A xuíza poderá celebrar a audiencia do menor como proba preconstituída sen a presenza de Jesús nin de Juan, dado que o principio de contradición quedou garantido desde o momento no que se citou debidamente a ambos, sen que a ausencia inxustificada de calquera deles determine a suspensión da práctica da proba.
- c) A ausencia de Jesús non impedirá a práctica da proba preconstituída, se ben o seu avogado Juan deberá estar necesariamente no acto, sen que poida en ningún caso celebrarse a proba con avogado distinto ao debidamente citado.
- d) Poderá practicar a proba preconstituída, se ben o acto tramitarse co avogado de oficio expresamente designado para o efecto, pero só no caso de que haxa razóns de urxencia para proceder inmediatamente.

25– Jonás foi condenado, nun mesmo procedemento, por dous delitos de lesións do artigo 147.1 do Código penal, ás penas de un ano de prisión, e un ano e tres meses de prisión, respectivamente. Jonás xa tiña unha condena previa, non cancelable, por un delito de estafa e pregúntalle á súa avogada Manuela se vai entrar necesariamente en prisión. Que debe explicarlle Manuela?

- a) Que no seu caso non cabe nunca a suspensión da execución das penas privativas de liberdade, posto que a suma de ambas as penas impostas excede dos dous anos de prisión.
- b) Que no seu caso non cabe nunca a suspensión da execución das penas privativas de liberdade, posto que non é delincuente primario.
- c) Que no seu caso non cabe nunca a suspensión da execución das penas privativas de liberdade, posto que se trata dun reo habitual.

d) Que no seu caso é posible que excepcionalmente se acorde a suspensión da execución das penas privativas de liberdade, pero que deberá acreditar que esa suspensión é aconsellable en atención ás súas circunstancias persoais, a natureza do feito, a súa conduta e, en particular, o esforzo para reparar o dano causado.

Preguntas de reserva

1– Emilio, de profesión asesor inmobiliario, apropiouse indebidamente de 55.000 € que unha parella de noivos, clientes seus, lle deixara en depósito para realizar unha operación de compra de vivenda habitual. Tendo en conta que este delito está castigado con penas de prisión de un a seis anos e multa de seis a doce meses, cal será o órgano competente para o coñecemento e resolución da causa seguida contra Emilio?

- a) A Audiencia Provincial da circunscrición onde o delito se cometeu.
- b) O xuíz do penal da circunscrición onde o delito se cometeu.
- c) A Audiencia Nacional.
- d) O Tribunal Superior de Xustiza da circunscrición onde o delito se cometeu.

2– Laura, debidamente informada das súas obrigacións como testemuña, e apercebida ao respecto, prestou falso testemuño en contra de Jesús na causa criminal que se segue contra el por delito. Pode Laura quedar exenta de pena por este delito?

- a) Non, en ningún caso. Laura nunca poderá quedar exenta da pena correspondente ao delito de falso testemuño que cometeu.
- b) Si. Laura quedará exenta de pena se se retracta en tempo e forma, manifestando a verdade para que produza efecto antes de que se dite sentenza no proceso de que se trate. Se como consecuencia do falso testemuño se producise a privación de liberdade, imponse as penas correspondentes inferiores en grao.
- c) Si. Laura quedará exenta de pena se se retracta en calquera momento, manifestando a verdade, aínda que o faga con posterioridade ao ditado da sentenza no proceso de que se trate.
- d) Si. Laura quedará exenta de pena se se retracta en calquera momento, manifestando a verdade e comparecendo como parte no procedemento, aínda que o faga con posterioridade ao ditado da sentenza no proceso de que se trate.